



Convocatoria dos exames da Comisión de Selección II do proceso selectivo para a provisión dos postos vacantes no cadro de persoal da sociedade mercantil pública autonómica EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A. (SEAGA) convocado por acordo de 27 de setembro de 2023.

De conformidade co establecido na base VIII.1 das que rexen o proceso selectivo, convocado por acordo de 27 de setembro de 2023, a Comisión de Selección II,

ACORDA:

1. Convocar as probas de coñecementos para as categorías correspondentes a dita comisión, segundo o calendario que se indica a continuación:

Categoría	Data	Hora	Lugar
Técnico Asesoramento Financeiro (SUPERIOR) (15-TS-AF-EI) (1L)	29/05/2024	9:00h	Escola Galega Administración Pública Rúa de Madrid, 2-4 Santiago de Compostela AULA N°7 (1º andar)
Técnico Asesoramento Financeiro (SUPERIOR) (15-TS-AF-EA) (1L)	29/05/2024	9:00h	Escola Galega Administración Pública Rúa de Madrid 2-4 Santiago de Compostela AULA N°7 (1º andar)
Técnico de Servizos (MEDIO) (15-TS-AF-ET) (1L)	29/05/2024	12:00h	Escola Galega Administración Pública Rúa de Madrid 2-4 Santiago de Compostela AULA N°7 (1º andar)





Categoría	Data	Hora	Lugar
Técnico Obras Cívís, Forestais e Agrarias (SUPERIOR) (15-TS-OB-ES) (2L)	30/05/2024	9:00h	Escola Galega Administración Pública Rúa de Madrid, 2-4 Santiago de Compostela AULA N°7 (1º andar)
Técnico Obras Cívís, Forestais e Agrarias (MEDIO) (15-TS-OB-ET) (1L+1D)	30/05/2024	12:00h	Escola Galega Administración Pública Rúa de Madrid , 2-4 Santiago de Compostela AULA N°7 (1º andar)

2. Establecer as seguintes normas no desenvolvemento do exercicio:

As persoas aspirantes deberán presentarse ao exercicio provistas de NIF, NIE, pasaporte, permiso de condución, ou outro documento fidedigno que, a xuízo da Comisión de Selección, acredite a súa identidade.

As persoas aspirantes deberán asistir provistas dun lapis nº2

O exercicio realizarase a porta pechada, sen outra asistencia que a das persoas aspirantes, os membros da Comisión de Selección, e as persoas designadas como colaboradoras.

Queda prohibida a entrada con dispositivos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes, ou calquera outro material ou instrumento do que se poidan valer as persoas aspirantes para a realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles ou outros dispositivos.

O chamamento para cada exercicio será único, de xeito que as persoas aspirantes que non comparezan, serán excluídas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Presidenta:

Secretario:

Sandra Martínez Paz

Gerardo Rivero Cuesta

